ASOCIACIÓN VIGUESA
DE ESCLEROSIS MÚLTIPLE
DE PONTEVEDRA

MEMORIAS
2024

AVEMPO

ÍNDICE

1. Introdución 3
2. Datos oficiais de AVEMPO 4
3. Servizos e actividades 5
- Servizo de Fisioterapia 5
- Pilates 6
- Servizo de Terapia Ocupacional 7
- Servizo de Logopedia 9
- Servizo de Psicoloxía 10
- Servizo de Atención Social 11
- Departamento de Comunicación 13
- Obradoiro de Artesanía 14

4. Número de persoas que asisten aos servicios e actividades 15
5. Número de socios/as AVEMPO 15
6. Persoal contratado ao longo do ano 2024 16
7. Outros recursos humanos 16
8. Actividades destacadas ao longo do ano 2024 17
9. Axudas e subvencións resoltas ao longo do ano 2024 21
10. Estudo 'ExeRVIEM' 23
11. AVEMPO nos medios de comunicación 25
12. Balance económico 2024 71

CIF: G-36816106 / N.º Registro Provincial: 3990 / N.º Registro Sanitario: C-36-001877

1. INTRODUCIÓN

O ano 2024 foi un ano de **continuidade e novos logros** para a nosa asociación. Durante este ano a nosa entidade seguiu prestando os mesmos servizos que en exercicios anteriores para mellorar a calidade de vida das persoas afectadas de Esclerose Múltiple e dos seus familiares: Fisioterapia, Terapia ocupacional, Logopedia, Atención social e Psicoloxía, combinando a presencialidade na nosa sede de Bouzas coas sesións en formato virtual e a atención domiciliaria.

No ano 2024 en AVEMPO batemos un novo récord coa celebración dun dos nosos principais eventos de visibilidade e recadación de fondos para manter os servizos que ofrecemos: a **XII Carreira Solidaria 'Eu Móvome pola Esclerose Múltiple'** tivo lugar na alameda de Bouzas e superou o número de persoas inscritas da edición anterior. **Máis de 1.550 persoas sumáronse ao noso pelotón solidario**.

Tamén neste ano organizamos varias xornadas para informar e formar sobre a realidade da coñecida como 'enfermidade das mil caras', achegando as informacións máis recentes ás persoas diagnosticadas de EM e os seus familiares. Cabe destacar a xornada **'HablEmos sin tabúes'**, celebrada por primeira vez no Hotel Attica 21 de Vigo e que contou coa presenza de **case unha centena de persoas que abarrotaron a sala**.

En 2024 tamén demos un paso no eido da investigación. Varios dos nosos usuarios e usuarias participaron no **Estudo 'ExeRVIEM'** posto en marcha xunto á Universidade de Vigo, un proxecto de investigación pioneiro que busca explorar os efectos dun programa de fisioterapia baseada no exercicio e realidade virtual para persoas que viven coa Esclerosis Múltiple.

Non podemos pasar por alto que o ano 2024 resultou un ano complicado para a nosa entidade no **ámbito económico**, debido á falta de axudas, á caída dos patrocinadores dos nosos eventos e o aumento dos custos dos mesmos. Pese a todo, grazas ao **esforzo continuo do equipo profesional e voluntariado e o apoio social**, conseguimos saír adiante e facer fronte ás adversidades para dar o mellor de nós.

Tamén no ano 2024 abrimos unha nova porta para a **captación de fondos por parte de empresas privadas**, dispostas a aportar o seu gran de area á nosa asociación, aterrizamos na plataforma Teaming para facilitar a colaboración a través dun euro solidario mensual e **achegámonos ás institucións públicas** para dar a coñecer o noso traballo e a importancia de fondos para mantelo.

Tampouco podemos esquecer que **o 2024 foi un ano de cambios para a nosa asociación, especialmente no ámbito profesional**. Neste ano dixemos adeus a algunhas das persoas que formaron parte da familia de AVEMPO dando o mellor de seu durante anos, para abrir a porta a novas incorporacións profesionais.

A continuación procedemos a detallar a labor da entidade durante o ano 2024.

CIF: G-36816106 / N.º Registro Provincial: 3990 / N.º Registro Sanitario: C-36-001877

2. DATOS OFICIAIS DE AVEMPO

Presidenta: Lara María González Otero. DNI 53180837-F.

Dirección: Rúa Camilo Veiga, 44 Baixo 36208. Bouzas. Vigo.

Teléfonos: 986 29 88 65 – 685 11 33 98.

E-mail: avempovigo@hotmail.com

Facebook: www.facebook.com/avempo

Twitter: www.twitter.com/avempo

Instagram: https://www.instagram.com/avempovigo/

Web: www.avempo.org

Órgano de representación: Xunta Directiva:

Os seguintes titulares dos órganos de goberno e representación da devandita asociación, foron elixidos pola **asemblea xeral extraordinaria de data 16 de xuño de 2023.**

ÓRGANO DE GOBERNO	NOME E APELIDOS
PRESIDENTA	Lara María González Otero
VICEPRESIDENTA	Mónica Reguera Troncoso
SECRETARIA	Belén Ferreira Reguera
TESOUREIRO	Jacobo Caruncho Pérez

Rexistros:

- Nº inscrición Rexistro de entidades prestadoras de Servizos Sociais. RUEPSS: E- 1111.
- Rexistro de entidades de acción voluntaria: O-577.
- Acreditación de inscrición no rexistro de Centros, Servizos e establecementos sanitarios da Comunidade autónoma de Galicia: C-36-001877. Vixente ata 2030.
- Rexistro Provincial: 1996/003990-1.
- Rexistro Municipal do Concello de Vigo: 546-97.
- Declaración de utilidade pública.

Asociación adherida a: AEDEM- COCEMFE.

Forma parte de: FEGADEM.

Entidade membro de: COGAMI.

CIF: G-36816106 / N.º Registro Provincial: 3990 / N.º Registro Sanitario: C-36-001877


3. SERVIZOS E ACTIVIDADES

SERVIZO DE FISIOTERAPIA

OBXECTIVOS	ACTIVIDADES REALIZADAS
Manter a máxima amplitude articular posible.	Cinesiterapia: activa, resistida, pasiva e activo-asistida (traballo de forza).
Manter ou mellorar a forza muscular.	
Cando sexa posible reeducar o patrón da marcha.	Traballo da marcha, así como exercicios de propiocepción e coordinación.
Reducir a sensación de fatiga se é posible e/o ensinar a xestionala de maneira eficiente.	Traballo coas necesidades específicas de cada usuario e ofrecer pautas para xestión en momentos de pico de fatiga.
Manter ou mellorar o estado do chan pélvico.	Exercicios chan pélvico (Kegel, hipopresivos..)
Reeducar o patrón respiratorio e a mobilidade costal.	Exercicios respiratorios (activos e activo-asistidos)
Incorporar técnicas de tratamento ás actividades da vida diaria co fin de reforzar a rehabilitación.	Ensinar pautas tanto ao usuario como á súa contorna para poder aumentar os beneficios da rehabilitación.
Manter ou mellorar o estado dos tecidos brandos.	Estiramentos miotendinosos e masaxe terapéutico (analxésico, retorno venoso, relaxante...)
Proporcionar aos familiares e coidadores pautas para unha correcta mobilización do afectado.	Exercicios de mobilización e transferencias con familiares ou coidadores.

RESULTADOS OBTIDOS:

- Ao longo do ano 2024, asistiron ao servizo de fisioterapia **83 persoas das cales: 4 foron atendidos en domicilios, 3 sesións de fisioterapia realizáronse online e 76 persoas acudiron ao local de Avempo**. A media mensual de usuarios é de 61.



CIF: G-36816106 / N.º Registro Provincial: 3990 / N.º Registro Sanitario: C-36-001877

- **Gráfico: *"Usuarios/as do servizo de Fisioterapia en 2024"***

Fonte: elaboración propia de AVEMPO

- En canto a descrición xeral do servizo, ofreceuse fisioterapia de luns a venres. O servizo estivo cuberto por **tres fisioterapeutas** a tempo parcial cubrindo unha media de **82 horas semanais** (72 no local, 6 horas en domicilios e 4 online).
- Realizáronse **21 valoración iniciais** a novos usuarios, dos cales 16 precisaron acudir ao servizo de fisioterapia de forma continuada e 6 de forma temporal. Producíronse 14 baixas do servizo.




Gráfico: *"Evolución de usuarios/as do servizo de Fisioterapia e valoracións iniciais""*

Fonte: elaboración propia de AVEMPO

OUTRAS ACTIVIDADES: Terapia con lentes de Realidade Virtual

Durante os meses de xaneiro, febreiro e marzo colaboramos coa Universidade de Vigo na realización **dun estudo pioneiro** que pretendía analizar os posibles beneficios, en persoas con Esclerose Múltiple, dun **programa de exercicio terapéutico con lentes de Realidade irtual**. Participaron unha vintena de usuarias e usuarios e obtívose un alto grao de satisfacción por parte todos. Espérase para o próximo ano continuar a colaboración con outro estudo para analizar máis en profundidade os beneficios do uso de realidade virtual na rehabilitación en Esclerose Múltiple.

PILATES

Dentro da Área de Fisioterapia este ano deuse continuación ao servizo de Pilates, que consiste na **práctica dun conxunto de exercicios de baixo risco**, que conseguen mellorar tanto o estado físico como o emocional das persoas afectados de Esclerosis Múltiple.

A actividade levouse a **acabo os martes de 12.45 a 14.00 e os mércores de 18.20 a 19.35**. Está dirixida a todos os socios e socias da asociación que o desexen, pacientes, familiares e persoas coidadoras.

A actividade realizouse de xeito presencial na sede de AVEMPO e **participaron 6 persoas, cinco mulleres e un home.**

CIF: G-36816106 / N.º Registro Provincial: 3990 / N.º Registro Sanitario: C-36-001877

SERVIZO DE TERAPIA OCUPACIONAL

OBXECTIVOS	ACTIVIDADES REALIZADAS
Crear ou facilitar as oportunidades necesarias para alcanzar a participación en todas as actividades incluídas nas Áreas da Ocupación, moi especialmente AVD e AIVD.	Valoración da participación nas Áreas Ocupacionais
	Adestramento do desempeño das actividades das diferentes áreas ocupacionais nas que a participación da persoa usuaria se vexa dificultada.
Manter, restaurar, promover ou compensar as funcións sensorio-perceptuais, destrezas motoras e destrezas cognitivas da persoa usuaria, mellorando a súa funcionalidade.	Valoración de: funcións sensorio-perceptuais, destrezas motoras e destrezas cognitivas.
	Actividades encamiñadas a manter e mellorar as funcións sensorio-perceptuais, destrezas motoras e cognitivas alteradas.
Promover hábitos e rutinas saudables.	Formación en Estratexias de Conservación de Enerxía.
Asesorar e adestrar na colocación e uso dos Produtos de Apoio (PA) e/ou adaptacións que sexan necesarios e eficaces para manter ou mellorar a independencia funcional.	Valoración da necesidade/beneficio do uso de cada PA, prescrición, adaptación e adestramento do mesmo. Xestión dos trámites en colaboración coa Traballadora Social y el Técnico Ortoprotésico.
Adaptación do entorno físico da persoa usuaria especialmente da súa vivenda.	Valoración do fogar e supresión de barreiras arquitectónicas.
Intervir co entorno social e prioritariamente cos coidadores principais coa finalidade de promover e manter adecuadas relacións de interdependencia.	Asesoramento e formación ao entorno social en estratexias de promoción da autonomía, estratexias de comunicación, estratexias de conservación de enerxía, produtos de apoio e hixiene postural.
Uso de Tecnoloxías da Información e Comunicación (TIC).	Uso terapéutico das TIC. Como ferramenta para mellorar as habilidades cognitivas e físicas das persoas.

RESULTADOS OBTIDOS:

- Ao longo do ano 2024 ofertouse Terapia Ocupacional (TO) en AVEMPO cunha **periodicidade de tres días a semana**: luns, mércores e xoves.
- O servizo estivo cuberto por **unha Terapeuta Ocupacional a 16 horas e 45 minutos semanais.** Durante todo o ano se organizaron **sesións individuais de 35 min, 45 min ou 55 minutos**, cunha periodicidade dunha vez á semana.
- As 16 horas 45 minutos se reparten da seguinte forma; luns de 16:00h a 20:00h, mércores de 11:55h a 14:30h e 15:15h a 19:55h, xoves de 10:00h a 15:30h.
- Cunha frecuencia media programada de **5-8 sesións/día**. Neste período prestouse atención en materia de Terapia Ocupacional a **27 persoas.**

CIF: G-36816106 / N.º Registro Provincial: 3990 / N.º Registro Sanitario: C-36-001877




Gráfico: ***"Persoas usuarias do servizo de Terapia Ocupacional de AVEMPO 2024***
Fonte: elaboración propia de AVEMPO

- Durante o curso realizáronse 8 avaliacións iniciais. Deles, 3 pasaron a ser beneficiarios activos, recibindo unha axuda regular. Dúas persoas están á espera dunha praza dispoñible para acceder ao servizo. Outras dúas solicitaron unha avaliación cognitiva e recursos para traballar na casa. Finalmente, unha persoa recentemente diagnosticada solicitou información.
- Notificáronse **2 baixas, ambas por motivos persoais**.
- **Asesorouse a 5 usuarias** sobre a adquisición dunha **cadeira de rodas eléctrica**.
- Realizouse unha **sesión fóra da asociación**. Brindouse acompañamento ata unha ortopedia para probar e mercar a cadeira eléctrica.
- **Presentouse unha queixa conxunta** de usuarios e familiares ao Concello de Vigo debido a **falta de accesibilidade nas plazas reservadas para persoas con movilidade reducida.**




Gráfico: ***"Usuarios/as do servizo de Terapia Ocupacional segundo procedencia"***
Fonte: elaboración propia de AVEMPO

CIF: G-36816106 / N.º Registro Provincial: 3990 / N.º Registro Sanitario: C-36-001877

SERVIZO DE LOGOPEDIA

OBXECTIVOS XERAIS	ACTIVIDADES REALIZADAS
Prevención e/o detección temperá de dificultades na alimentación, voz, fala e linguaxe.	Informar os usuarios de AVEMPO e ás súas familias da sintomatoloxía máis común das diferentes alteracións asociadas á esclerose múltiple. Darlle un significado e acompañar no proceso de asimilación ante diagnósticos de disfaxia, disartria, disprosodia, alteracións da voz, alteracións respiratorias, etc…
Formulación de obxectivos funcionais terapéuticos.	En función das características individuais de cada usuario elaborar obxectivos que teñan un beneficio real e medible nas súas rutinas diarias.
Intervención logopédica individualizada.	Creación dun plan de rehabilitación axustado aos obxectivos previamente expostos. Na maioría dos casos baseado en terapia miofuncional.
Revisión da consecución dos obxectivos.	Cada certo tempo, revisión dos obxectivos para comprobar se se están conseguindo ou se é necesario unha reformulación dos mesmos.

RESULTADOS OBTIDOS:

O servizo de logopedia ten 8 horas de atención directa á semana en AVEMPO, repartíndose ao longo das mañás dos luns e mércores. En horario de 9:15h – 13:45 h e de 10:00h – 13:30h respectivamente.

A duración das sesións son 45 minutos, podendo variar dependendo das características individuais de cada paciente.

Durante o 2024, acudiron un total de 11 persoas a rehabilitación, 6 mulleres e 5 homes. Dos cales 2 foron novas valoracións como candidatos para comezar a rehabilitación.



Gráfico: *"Usuarios/as do servizo de Logopedia en 2024. Incidencia por sexo."*
Fonte: elaboración propia de AVEMPO

CIF: G-36816106 / N.º Registro Provincial: 3990 / N.º Registro Sanitario: C-36-001877


SERVIZO DE PSICOLOXÍA

OBXECTIVOS	ACTIVIDADES REALIZADAS
Acollemento e exploración.	Avaliación e diagnóstico clínico.
Dotar ao afectado e aos seus familiares de ferramentas coas que afrontar con maior estabilidade e capacidade de integración as consecuencias da EM.	Tratamento ou intervención clínica de aplicación individual e familiar.
Posibilitar o desenvolvemento dos recursos necesarios para desfrutar dunha calidade de vida que non queda sometida ás fases da enfermidade.	Tratamento ou intervención clínica de aplicación individual.
Conseguir unha maior capacidade de control dos pensamentos negativos, das respostas ante o estrés e da ansiedade.	Tratamento ou intervención clínica de aplicación individual. Técnicas de relaxación e respiración.
Mellorar o estado de ánimo, incrementar a valoración persoal, e desenvolver un enfoque positivo e construtivo que inflúa na capacidade de acción.	Tratamento ou intervención clínica de aplicación individual e familiar.
Optimización das relacións familiares e sociais.	Adestramento en adquisición de habilidades sociais e comunicativas.


RESULTADOS OBTIDOS:

- O servizo de Psicoloxía realizouse os martes cubrindo unha media de **9 horas semanais**.
- Durante o ano 2024 foron atendidas neste servizo **71 persoas**, das cales **64 eran afectadas e 7 familiares**. Foron atendidas de maneira presencial 65 persoas e 10 fixérono de forma online.
- Atendéronse a máis mulleres que homes: 51 e 20 respectivamente.


Usuarios atendidos



Discriminación por sexo



Modalidade atencional



CIF: G-36816106 / N.º Registro Provincial: 3990 / N.º Registro Sanitario: C-36-001877

SERVIZO DE ATENCIÓN SOCIAL

OBXECTIVOS	ACTIVIDADES REALIZADAS
Realizar o acollemento na entidade das persoas afectadas de EM e do seu entorno.	Entrevista inicial social
Detectar as necesidades existentes nas persoas afectadas de EM e os seus familiares.	Información e orientación a afectados de esclerose múltiple e o seu entorno.
Informar e orientar cara os recursos sociais existentes necesarios para mellorar a súa situación social e persoal.	
Informar sobre diferentes cuestións relacionadas con: incapacidade laboral, discapacidade, dependencia, transporte adaptado, etc.	Relacións coa Administración e outros axentes sociais.
Xestionar as demandas das persoas afectadas.	
Organizar campañas de sensibilización e captación de fondos.	Realización de actividades de difusión, sensibilización e captación de fondos
Planificar, executar e xustificar proxectos	Planificación, execución e xustificación de proxectos.
Fomentar a integración na comunidade	Tramitación de recursos sociais existentes na zona.

RESULTADOS OBTIDOS:

- O ano 2024 o servizo de atención social estivo **cuberto por unha traballadora social** a xornada completa.
- Realizáronse de xeito presencial **34 entrevistas iniciais ao longo do ano.**
- Unha das tarefas fundamentais , é a de **apoio, asesoramento e información atendéndose a 98 persoas de xeito presencial** (non está contabilizado o asesoramento e información telefónica, das cales 68 foron mulleres e 30 homes. Estas persoas foron informadas, asesoradas e supervisadas e guiadas na cumprimentación dos trámites e presentación nas sedes electrónicas respectivas.
- As xestións de trámites máis comúns son as relativas a discapacidade, incapacidade e dependencia

CIF: G-36816106 / N.º Registro Provincial: 3990 / N.º Registro Sanitario: C-36-001877




Gráfico: *"Trámites realizados por servizo de Atención Social de AVEMPO en 2024"*
Fonte: elaboración propia de AVEMPO

O Servizo de Atención Social é porta de entrada a entidade , por tal motivo outra das tarefas fundamentais é a **derivación aos diferentes servizos sociosanitarios**: Fisioterapia, Terapia Ocupacional, Logopedia e Psicoloxía.

Outra das actividades fundamentais nas que traballa o departamento social son ás relativas a **divulgación e sensibilización** a través de diferentes campañas polo Día Mundial (30 de maio) e Nacional da Esclerose Múltiple (18 de decembro) é o "Móllate pola Esclerose Múltiple" o segundo domingo de xullo e a xornada "Hablemos sin tabúes".

Dende o departamento tamén se traballa a participación en actividades lúdicas tales coma un Pícnic de Verán e visitas guiada á Fundación Sales e o Pazo e Xardíns Quiñones de León.

CIF: G-36816106 / N.º Registro Provincial: 3990 / N.º Registro Sanitario: C-36-001877

DEPARTAMENTO DE COMUNICACIÓN

OBXECTIVOS:

- Aumentar a visibilidade de AVEMPO entre os seus diferentes públicos obxectivos: socios de AVEMPO, persoas afectadas de Esclerose Múltiple que non son socias, persoal sanitario,administracións públicas, entidades privadas e poboación en xeral.
- Amosar, de maneira máis ampla e pormenorizada, a labor que se realiza dende a entidade: difusión dos servizos ofrecidos, da actividades diarias da asociación e dos eventos organizados.
- Favorecer unha opinión positiva da asociación entre os públicos máis reticentes, como as persoas recentemente diagnosticadas.
- Aumentar o número de socios que se involucran nas actividades propostas.
- Manter unha imaxe actualizada da asociación, que é capaz de adaptarse ós cambios que suceden no entorno para seguir ofrecendo servizos de calidade e apoio ós seus socios.
- Conservar unha comunicación fluída e próxima cos socios, aproveitando as posibilidades que ofrece o marco dixital.

ACTIVIDADES REALIZADAS:

- Xestión da páxina web: actualización e publicación de información de interese.
- Xestión das redes sociais da asociación: Facebook, Twitter e Instagram.
- Deseño e creatividade de diferentes “landing page” para promocionar os eventos organizados.
- Redacción e envío de notas de prensa e contacto telefónico cos medios de comunicación.
- Seguimento e rexistro da repercusión nos medios
- Creatividade e deseño de cartelería para os diferentes eventos e actividades organizadas pola asociación
- Edición de vídeos para a promoción e apoio dos eventos nas redes sociais.
- Creatividade e deseño de “merchandising” de eventos.
- Creación de contidos “on-line” para as redes sociais.
- Deseño e envío de “mailing” para a promoción dos eventos organizados.
- Elaboración de publicidade pagada a través das redes sociais para campañas concretas
- Envío de artigos para a revista ‘NOTICIAS EM’ de Aedem-Cocemfe.
- Elaboración de memorias gráficas para a xustificación de subvencións e axudas económicas recibidas ao longo do ano.
- Elaboración de memorias anuais da asociación e a para as entidades ás que pertence.
- Actualización da web e redes sociais en materia de protección de datos.

CIF: G-36816106 / N.º Registro Provincial: 3990 / N.º Registro Sanitario: C-36-001877

RESULTADOS OBTIDOS:

- **O número de seguidores nas redes sociais da asociación incrementouse** no ano 2024:
  - **X (Twitter)** pasou de 871 a 867 seguidores. (-0,46%)*
  - **Facebook** pasou de 3.202 a 3.249 seguidores. (+1,78%)
  - **Instagram** pasou de 1.240 a 1.398 seguidores. (+11,3%)
- Os medios de comunicación (televisión, radio, prensa escrita e dixital) fanse eco dos diferentes eventos e actividades organizadas por AVEMPO. Entre eles cabe destacar a aparición nos:
  - Principais xornais galegos: Faro de Vigo, La Voz de Galicia e Atlántico Diario.
  - Principais televisións: TVE e TVG.
  - Radios rexionais máis relevantes: La Ser, Cope, Radio Galega.
  - Prensa dixital de ámbito nacional: El Español ("Treintayseis").
- No 2024 **a web da asociación recibiu un total de 15.679 visitas**. A páxina máis visitada foi a "landing page" do 'Eu Móvome' (6.446), seguida da 'home' da web (2.732) e da "landing page" do 'Móllate' (947).**
- Na páxina web realizáronse un total de **37 publicacións de actualidade sobre a entidade**.
- Ao longo do ano enviáronse aos medios de comunicación un total de **13 notas de prensa**.

*No ano 2024 a rede social 'X' sufriu unha importante caída xeral de usuarios/as, co peche de numerosas contas, o que repercutiu no número de seguidores durante o ano.

** Os datos de visitas á web contabilizáronse a partir do mes de abril, debido a unha incidencia no servizo de Google Analytics.

OBRADOIRO DE ARTESANÍA

A actividade levouse a acabo os xoves de 10:40 a 13:00 horas. En 2024 participaron no obradoiro un total de **5 persoas**.

A actividade realizouse de xeito presencial na sede de AVEMPO. No obradoiro realizáronse produtos para a recadación de fondos para a asociación, con merchandising para eventos da entidade e detalles solidarios para vodas e comuñóns.

OBXECTIVOS:

- Fomentar a creatividade.
- Potenciar as destrezas cognitivas e manuais.
- Fomentar as relacións sociais.

CIF: G-36816106 / N.º Registro Provincial: 3990 / N.º Registro Sanitario: C-36-001877

4. NÚMERO DE PERSOAS QUE ASISTEN AOS SERVIZOS E ACTIVIDADES

Durante o **ano 2024** acudiron aos servizos que dende AVEMPO se prestan unha **media de 301 persoas.**

- Fisioterapia: 83 persoas.
- Terapia Ocupacional: 27 persoas.
- Logopedia: 11 persoas.
- Psicoloxía: 71 persoas
- Atención Social: 98 persoas.
- Pilates: 6 persoas
- Obradoiro de Artesanía: 5 persoas




Gráfico "*Persoas que asistiron a servizos e actividades de AVEMPO en 2024*".
Fonte: elaboración propia de AVEMPO.

5. NÚMERO DE SOCIOS/AS

TIPOS DE SOCIOS/AS			
Persoas afectadas	**327**	**Homes** **Mulleres**	**107** **220**
Familiares	108	Homes	41
		Mulleres	67
Colaboradores	111	Homes	31
		Mulleres	80
Empresas	3		
Total de socios/as	**549**		

Táboa "*Socios/as de AVEMPO a 31 de decembro de 2024*".
Fonte: elaboración propia de AVEMPO.

CIF: G-36816106 / N.º Registro Provincial: 3990 / N.º Registro Sanitario: C-36-001877

6. PERSOAL CONTRATADO AO LONGO DO ANO 2024

Profesional	Nº de horas/semana	Tipo de contrato
Traballadora Social	38,5	Contrato indefinido.
	25	Contrato indefinido (dende 27 novembro).
Fisioterapeutas	28,53	Contrato de Traballo Temporal vinculados a Políticas activas de Emprego. Programa de Cooperación da Xunta de Galicia.
	34	Contrato indefinido.
	19-22	Autónomo.
Terapeuta Ocupacional	16,45	Contrato indefinido.
Psicóloga	10,15	Contrato indefinido.
Logopeda	8	Autónoma + contrato temporal de substitución.
Técnico de Comunicación	10	Contrato indefinido. Ampliación de horas na campaña 'Móllate' e na carreira solidaria 'Eu Móvome'.
Auxiliar Administrativa	8 /6	Contrato indefinido
	19	Contrato de Traballo Temporal (dende 27 de novembro) vinculados a Políticas activas de Emprego. Programa de Cooperación da Xunta de Galicia.

Táboa "*Profesionais de AVEMPO en 2024*".
Fonte: elaboración propia de AVEMPO.

7. OUTROS RECURSOS HUMANOS

- Monitora do Obradoiro de Artesanía: dúas horas á semana
- Voluntarios/as do 'Móllate pola Esclerose Múltiple'.
- Voluntarios/as da XII Carreira Solidaria 'Eu Móvome pola Esclerose Múltiple'.

CIF: G-36816106 / N.º Registro Provincial: 3990 / N.º Registro Sanitario: C-36-001877

8. ACTIVIDADES DESTACADAS AO LONGO DO ANO 2024

DIFUSIÓN, SENSIBILIZACIÓN E DIVULGACIÓN



- 11/01/2024 **RECEPCIÓN DE PRUDENCIO MACÍAS NA NOSA SEDE**, dentro da súa ruta en moto 'Embárcate. Unidos por la Esclerosis Múltiple' e difusión en medios da súa iniciativa.
- 30/05/2024 **DÍA MUNDIAL DA ESCLEROSE MÚLTIPLE**. Difusión en medios e participación na campaña internacional #MiDiagnósticodeEM, con testemuñas de usuarios e usuarias de AVEMPO.
- 14/07/2024 **MÓLLATE POLA ESCLEROSE MÚLTIPLE**. Celebración da 7ª edición da campaña na praia de Samil.
- 17/10/2024 **HABLEMOS SIN TABÚES**. Celebración da xornada informativa no hotel Attica 21, dentro do proxecto "Empatiza con la EM: Campaña de sensibilización sobre la Esclerosis Múltiple", de AEDEM-COCEMFE.
- 22/11/2024 **CONCENTRACIÓN 'TELETRANSPORTE CONTRA A DISCRIMINACIÓN**. Participación na iniciativa de COGAMI para esixir transporte adaptado.
- 03/12/2024 **DÍA INTERNACIONAL DAS PERSOAS CON DISCAPACIDADE**. Participación na campaña 'Baixo o mesmo paraugas' xunto ao resto de entidades de persoas con discapacidade de Vigo.
- 18/12/2024 **XORNADA 'USOS DA REALIDADE VIRTUAL NA ESCLEROSE MÚLTIPLE**. Na sede de AVEMPO, coa presentación de resultados do estudo 'ExeRVIEM' e novas perspectivas de investigación.
- 19/12/2024 **TALLER DE EDUCACIÓN AFECTIVO-SEXUAL PARA PERSOAS CON EM**. Taller presencial na sede de AVEMPO organizado en colaboración con FEGADEM.
- 18/12/2024 **DÍA NACIONAL DA ESCLEROSE MÚLTIPLE**. Difusión en medios e organización de charlas informativas.
- 18/12/2024 **CHARLA NO COLEXIO ATLÁNTIDA**. Sobre a Esclerose Múltiple e a labor de AVEMPO, destinada ao alumnado de 3º e 4º da ESO.

CIF: G-36816106 / N.º Registro Provincial: 3990 / N.º Registro Sanitario: C-36-001877

CAPTACIÓN DE FONDOS



- 03/02/2024 **TEATRO SOLIDARIO EN INGLÉS**. Recadación solidaria e mesa de merchandising nunha dobre función da compañía de teatro afeccionado The lunatics theatre company no auditorio San Miguel de Oia.
- 27/10/2024 **XII CARREIRA SOLIDARIA 'EU MÓVOME POLA EM'**. Celebración da carreira na Alameda de Bouzas, nunha edición 100% presencial. O evento contou co apoio de 1.569 persoas inscritas nas distintas modalidades da proba deportiva.
- 11-12/2024 **CALENDARIO SOLIDARIO DO COLEXIO ATLÁNTIDA**. Venta de calendarios do calendario solidario 2025 para recadar fondos para o mantemento dos servizos da asociación.

ACTIVIDADES DE OCIO E TEMPO LIBRE



CIF: G-36816106 / N.º Registro Provincial: 3990 / N.º Registro Sanitario: C-36-001877

- 31/05/2024 **VISITA GUIADA AO PAZO MUSEO QUIÑONES DE LEON**.
- 05/06/2024 **VISITA GUIADA Á FUNDACIÓN SALES E TALLER DE PLANTACIÓN.**
- 19/07/2024 **PICNIC 'CAMINEMOS'**. Celebración do noso tradicional pícnic no Parque Forestal de O Vixiador, con actividades e concursos durante a mañá. Este ano sumamos o pícnic á campaña de visibilización 'CaminEMos por la Esclerosis Múltiple', de AEDEM-COCEMFE.
- 04/12/2024 **TARDE NAVIDEÑA**. Decoración navideña da asociación e merenda con usuarixs.

OUTRAS ACTIVIDADES



- 29/02/2024 Participación no II Foro ACEM de enfermidades neurodexenerativas.
- 27/06/2024. Taller "Cómo desarrollar un plan de captación paso a paso".
- 19-20/10/2024 Formación "Tratamiento manual en Neuro-rehabilitación: Cómo afrontar el tratamiento en personas adultas", Organizada por AEDEM-COCEMFE en Madrid.
- 03/12/2024 Gravación de testemuñas para o documental sobre a EM no rural de FEGADEM.
- 10/12/2024 Asistencia á gala de entrega dos XII Premios Solidarios Cenor en Santiago.de Compostela.
- 12/12/2024 Presentación do calendario solidario no Colexio Atlántida.

CIF: G-36816106 / N.º Registro Provincial: 3990 / N.º Registro Sanitario: C-36-001877

REUNIÓNS



- 05/02/2024: Asistencia á reunión explicativa do IRPF 2024 de FEGADEM.
- 15/02/2024 Asistencia á IX edición do Consello de Pacientes do Hospital Ribera Povisa.
- 21/02/2024: Asistencia á reunión de explicación del Programa do IRPF.
- 05/04/2024 Reunión Estudio Observacional de Roche.
- 13/04/2024 Asemblea Xeral Ordinaria e Asemblea Xeral Extraordinaria de AVEMPO.
- 22/05/2024 Asistencia á reunión da Comisión Sociosanitaria de COGAMI.
- 01/06/2024 Asemblea Xeral Ordinaria e Asemblea Xeral Extraordinaria de COGAMI.
- 13/06/2024 Asistencia á reunión do Convenio de Sanidade de COGAMI.
- 19/06/2024. Asemblea Xeral Ordinaria e Asemblea Xeral Extraordinaria de FEGADEM.
- 22/06/2024 Asemblea Xeral Ordinaria e Asemblea Xeral Extraordinaria de AEDEM- COCEMFE.
- 26/06/2024: Asistencia á reunión de organización dos programas do IRPF 2025 de FEGADEM.
- 03/07/2024. Reunión coa delegación territorial da Xunta en Vigo.
- 10/09/2024 Visita a AVEMPO da delegada territorial da Xunta en Vigo, Ana Ortiz.
- 04/09/2024 Presentación do proxecto de intervención no rural de FEGADEM.
- 16/10/2024 Reunión con Ruizre Seguros para a xestión da colaboración no ‘Eu Móvome’.
- 26/12/2024 Asistencia á reunión da Comisión Sociosanitaria de COGAMI.

CIF: G-36816106 / N.º Registro Provincial: 3990 / N.º Registro Sanitario: C-36-001877

9. SUBVENCIÓNS E AXUDAS RESOLTAS AO LONGO DO ANO 2024

Financiación Pública:

- **Consellería de Emprego e Igualdade.** Subvencións para a contratación de traballadores desempregados polas entidades sen ánimo de lucro. **Importe concedido: 11.700€.** Subvención concedida para a realización do proxecto "Administración e xestión". Esta subvención posibilita a contratación dunha administrativa durante 12 meses a un 50% da xornada. Proxecto a executar dende novembro de 2024 a novembro de 2025.
- **Deputación de Pontevedra. Cohesión Social e Xuventude.** Subvencións dirixidas a entidades sen fins de lucro para actuacións no ámbito dos servizos sociais, sociosanitarios e da xuventude na provincia de Pontevedra no ano 2024**. Importe concedido: 3.829,57€.** Proxecto "Atención social para persoas con Esclerose Múltiple e o seu entorno". Axuda para os costes derivados do servizo de Traballo Social no ano 2024.
- **Concello de Vigo. Concellería de Política de Benestar.** Subvención a entidades e asociacións de carácter social, sen ánimo de lucro, para a realización de actividades da área dos servizos sociais 2024. **Importe concedido: 1.750€.** Proxecto: "Programa de atención fisioterapéutica a persoas con Esclerose Múltiple". Axuda para os costes derivados do servizo de Fisioterapia entre os meses de xuño e outubro de 2024.
- **Concello de Vigo. Subvencións para o fomento do emprego de entidades sen ánimo de lucro (Ano 2024).** Subvención concedida para a contratación dunha auxiliar administrativa do 9 de febreiro ao 31 de xullo 8 horas á semana. **Importe concedido: 2.792,55€**.
- **Consellería de Política Social.** Subvencións destinadas a realizar programas de interese xeral para fins de carácter social con cargo da asignación tributaria do 0,7% do Imposto sobre a renda das persoas físicas.
  - 'Programa de rehabilitación fisioterapéutica para persoas con Esclerose Múltiple'. Solicitado a través de FEGADEM, sendo FEGADEM a entidade beneficiaria e AVEMPO a entidade executante. **Importe concedido: 13.122,40€**. Subvención solicitada no ano 2023 con resolución e execución ao longo do ano 2024. Axuda para os custes da fisioterapeuta entre os meses de xuño e decembro.
  - 'Renovación de material de fisioterapia'. Solicitado a través de FEGADEM, sendo FEGADEM a entidade beneficiaria e AVEMPO a entidade executante. **Importe concedido: 5.063,20 €.** Subvención solicitada no ano 2023 con resolución e execución ao longo do ano 2024. Axuda para a adquisición de novo material para as sesións de fisioterapia.
  - 'Mantemento dos centros de rehabilitación para persoas con EM'. Solicitado a través de FEGADEM, sendo FEGADEM a entidade beneficiaria e AVEMPO a entidade executante. **Importe concedido: 3.344,71€.** Subvención solicitada no ano 2023 con resolución e execución ao longo do ano 2024. Axuda para tarefas de pintado nas instalacións de AVEMPO.
- **Proxecto CEGADI**. Convenio de colaboración entre COGAMI e a Consellería de Política Social polo que AVEMPO prestou a COGAMI o servizo de desenvolvemento do Programa Integral de Actuacións para a Promoción da Autonomía Persoal e a Inclusión Social das Persoas con Discapacidade, dirixido ás persoas con Esclerose Múltiple. **Importe do servizo: 11.200€.** Este servizo foi desenvolvido por unha fisioterapeuta dende o 1 de xaneiro ata o 31 de maio de 2024.

CIF: G-36816106 / N.º Registro Provincial: 3990 / N.º Registro Sanitario: C-36-001877

- **Consellería de Sanidade.** Convenio de colaboración entre COGAMI e a Consellería de Política Social polo que AVEMPO prestou a COGAMI servizos para o desenvolvemento de actividades dentro dun programa de apoio para a recuperación integral das persoas con discapacidade orgánica. **Importe concedido: 8.900€**. Este servizo foi desenvolvido por unha terapeuta ocupacional entre os meses de xaneiro e outubro de 2024

Financiación Privada:

- **Fundación La Caixa:** Subvención da convocatoria Galicia 2024 para a execución do proxecto 'Atención integral en Esclerosis Múltiple'. **Importe concedido: 10.000€**, destinados a cubrir gastos dun fisioterapeuta autónomo e unha logopeda entre outubro de 2024 e xuño de 2025.
- **Fundación La Caixa:** Convenio coa Fundación Bancaria La Caixa para a concesión dunha axuda económica por un importe de **5.000€** destinada a sufragar parte dos gastos da XII Carreira Solidaria 'Eu Móvome pola Esclerose Múltiple'.
- **Fundación ONCE:** Subvención para a cooperación e inclusión social de persoas con discapacidade. **Importe concedido 3.050€** para a execución do proxecto 'Atención Social para personas con Esclerosis Múltiple y su entorno'. Axuda para os custes da traballadora social entre os meses de xaneiro e febreiro de 2024.
- **Roche.** Concesión dun donativo por un importe de **500€** pola participación no estudo de título provisional: 'Non-interventional, cross-sectional study to assess patient perspectives on early-stage relapsing-remitting multiple sclerosis care (Deciding MS study)'.

Colaboración Pública:

- **Xunta de Galicia**. A Consellería de Política Social e Igualdade, a través da Dirección Xeral de Persoas con Discapacidade, colaborou na **XII Carreira Solidaria 'Eu Móvome pola Esclerose Múltiple'** aboando **2.000€** á empresa encargada do cronometraxe da proba.

CIF: G-36816106 / N.º Registro Provincial: 3990 / N.º Registro Sanitario: C-36-001877

10. ESTUDO 'ExeRVIEM'

Durante o ano 2024 en AVEMPO participamos nun **programa de exercicio terapéutico con gafas de realidade virtual como parte do Estudo 'ExeRVIEM'**, posto en marcha por investigadores da Facultade de Fisioterapia da **Universidade de Vigo** para analizar os posibles beneficios da aplicación da realidade virtual nas sesións con persoas afectadas de Esclerose Múltiple. **Preto dunha vintena de usuarios e usuarias de AVEMPO participaron neste estudio pioneiro**, centrado na realización e posterior análise dun programa de exercicio baseado no uso de exergames, videoxogos que implican un compoñente físico e cognitivo.

O proxecto abarcou o desenvolvemento dun programa de exercicio de **oito semanas**, **con dúas sesións semanais**, nas que un grupo de participantes debía levar a cabo diferentes actividades cunhas gafas de realidade virtual inmersiva Oculus Quest 3. Esta actividade foi supervisada por unha fisioterapeuta da Universidade de Vigo, xunto co persoal da asociación. De forma paralela, outro grupo de participantes no estudo seguiu realizando as actividades programadas pola asociación.



Os resultados iniciais do estudo resultaron "positivos", segundo os investigadores, xa que constatan que levar a cabo o programa é **"factible e seguro, sen efectos adversos",** así como a elevada satisfacción e compromiso dos e das participantes na iniciativa. Os usuarios e usuarias de Avempo trasladaron o seu "alto" grao de satisfacción tras participar no programa de exercicio terapéutico do estudo.

CIF: G-36816106 / N.º Registro Provincial: 3990 / N.º Registro Sanitario: C-36-001877

Os resultados do estudo 'ExeRVIEM' deron lugar a **numerosas publicacións científicas**, que foron presentadas no mes de decembro na sede de AVEMPO, e abren a porta a seguir con **novas liñas de investigación**.

Nese sentido, o equipo investigador explorarán nun **novo estudo que se porá en marcha en 2025**, o uso de programas de exercicio de alta intensidade desenvolvidos con realidade virtual inmersiva para mellorar capacidades físicas e funcionais incorporando valoracións específicas en neurocognición e posibles cambios en biomarcadores.

Este segundo estudo da Universidade de Vigo levarase a cabo en AVEMPO e contará coa **colaboración do Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo e o Instituto de Investigación Sanitaria Galicia Sur.**



CIF: G-36816106 / N.º Registro Provincial: 3990 / N.º Registro Sanitario: C-36-001877

11. AVEMPO NOS MEDIOS DE COMUNICACIÓN 2024

NOTICIAS DIXITAIS:

VISITA DE PRUDENCIO MACÍAS A AVEMPO

Atlántico Diario 11/01/2024

https://www.atlantico.net/articulo/vigo/ruta-motera-esclerosis-jerez-parada-vigo/20240111060028101 4956.html

Faro de Vigo 11/01/2024

https://www.farodevigo.es/videos/gran-vigo/2024/01/11/prudem-recorre-espana-reivindicando-mejoras-96783492.html

Atlántico Diario 12/01/2024

https://www.atlantico.net/articulo/vigo/prudencio-moto-esclerosis-multiple-parada-vigo/20240112051500101 5115.html

Faro de Vigo 12/01/2024

https://www.farodevigo.es/gran-vigo/2024/01/12/ruta-esclerosis-multiple-96793023.html

SUBVENCIÓN FUNDACIÓN ONCE

Cadena Ser 22/01/2024

https://cadenaser.com/galicia/2024/01/22/cerca-de-15-personas-con-esclerosis-multiple-y-familiares-se-beneficiaran-este-ano-del-servicio-de-atencion-social-que-ofrece-avempo-en-vigo-radio-vigo/

Faro de Vigo 23/01/2024

https://www.farodevigo.es/gran-vigo/2024/01/23/avempo-ofrece-febrero-servicio-atencion-97229511.html

ESTUDO REALIDADE VIRTUAL

El Español (Treintayseis) 02/05/2024

https://www.elespanol.com/treintayseis/articulos/actualidad/un-estudio-analiza-en-vigo-los-efectos-de-la-realidad-virtual-en-la-esclerosis-multiple

VigoÉ 02/05/2024

https://www.vigoe.es/salud/estudio-pionero-de-la-uvigo-y-avempo-para-mejorar-la-calidad-de-vida-de-personas-con-esclerosis-multiple-a-traves-de-realidad-virtual/

CIF: G-36816106 / N.º Registro Provincial: 3990 / N.º Registro Sanitario: C-36-001877

Vigoalminuto 02/05/2024

https://www.vigoalminuto.com/2024/05/02/vigo-pionero-en-evaluar-los-beneficios-de-ejercicios-con-realidad-virtual-en-personas-con-esclerosis-multiple/

Metropolitano.gal 02/05/2024

https://metropolitano.gal/enfoque/un-estudio-pionero-de-la-uvigo-y-avempo-evalua-los-beneficios-terapeuticos-de-la-realidad-virtual/

Faro de Vigo 02/05/2024

https://www.farodevigo.es/gran-vigo/2024/05/02/usuarios-avempo-prueban-realidad-virtual-101856110.html

Faro de Vigo 03/05/2024

https://www.farodevigo.es/pontevedra/2024/05/03/realidad-virtual-esclerosis-multiple-101865512.html

La Voz de Galicia 03/05/2024

https://www.lavozdegalicia.es/noticia/vigo/2024/05/03/estudio-pionero-analiza-beneficios-ejercicio-realidad-virtual-personas-esclerosis-multiple/0003_202405V3C4993.htm

Atlántico Diario 03/05/2024

https://www.atlantico.net/articulo/vigo/videojuegos-esclerosis-vigo/20240503074541103088O.html

DÍA MUNDIAL DA ESCLEROSE MÚLTIPLE

Atlántico Diario 30/05/2024

https://www.atlantico.net/articulo/vigo/vida-incierta-esclerosis-multiple/20240530070557103460 9.html

Faro de Vigo 30/05/2024

https://www.farodevigo.es/sociedad/2024/05/30/personas-afectadas-esclerosis-multiple-reclaman-103096252.html

IRPF FEGADEM (FISIOTERAPIA)

La Voz de Galicia 18/06/2024

https://www.lavozdegalicia.es/noticia/vigo/2024/06/18/asociacion-esclerosis-multiple-tendra-fisioterapeuta-pacientes/0003_202406V18C2994.htm

MÓLLATE POLA ESCLEROSE MÚLTIPLE

Metropolitano.gal 09/07/2024

https://metropolitano.gal/que-hacer/juegos-acuaticos-y-chapuzones-solidarios-en-samil-asi-celebrara-vigo-una-nueva-edicion-de-mollate/

CIF: G-36816106 / N.º Registro Provincial: 3990 / N.º Registro Sanitario: C-36-001877

Radio Vigo 09/07/2024

https://cadenaser.com/galicia/2024/07/09/vigo-acoge-la-septima-edicion-de-la-campana-solidaria-mollate-por-la-esclerosis-multiple-en-la-playa-de-samil-radio-vigo/

El Español (Treintayseis) 09/07/2024

https://www.elespanol.com/treintayseis/vigo/20240709/mollate-llega-ano-playa-viguesa-samil-sensibilizar-esclerosis-multiple/869163598_0.html

Faro de Vigo 10/07/2024

https://www.farodevigo.es/gran-vigo/2024/07/10/vigo-acoge-vii-campana-solidaria-105432517.html

VigoÉ 10/07/2024

https://www.vigoe.es/solidaridad/cita-en-samil-con-el-gran-chapuzon-solidario-de-mollate/

El Español (Treintayseis) 14/07/2024

https://www.elespanol.com/treintayseis/vigo/20240714/playa-samil-vigo-acoge-iniciativa-mollate-pola-esclerosis-multiple/870413089_0.html

Faro de Vigo 14/07/2024

https://www.farodevigo.es/gran-vigo/2024/07/14/chapoteo-solidario-samil-mollate-pola-105620386.html

Atlántico Diario 15/07/2024

https://www.atlantico.net/articulo/vigo/vigo-moja-samil-luchar-esclerosis-multiple/20240715064000104117 8.html

Faro de Vigo 15/07/2024

https://www.farodevigo.es/gran-vigo/2024/07/15/pacientes-familiares-suman-chapuzon-esclerosis-105641720.html

Vigo Al Minuto 15/07/2024

https://www.vigoalminuto.com/2024/07/15/vigo-se-moja-por-la-esclerosis-multiple/

VigoÉ 16/07/2024

https://www.vigoe.es/solidaridad/vigo-se-moja-por-la-esclerosis-multiple/

EU MÓVOME POLA EM

El Español (Treintayseis) 25/09/2024

https://www.elespanol.com/treintayseis/deporte/tu-deporte/20240925/vigo-volvera-moverse-esclerosis-multiple-mes-octubre/888661680_0.html

Radio Vigo 25/09/2024

https://cadenaser.com/galicia/2024/09/25/abierto-el-plazo-de-inscripcion-de-la-carrera-solidaria-de-avempo-radio-vigo/

Faro de Vigo 26/09/2024

https://www.farodevigo.es/gran-vigo/2024/09/26/avempo-abre-inscripciones-xii-carrera-108584769.html

CIF: G-36816106 / N.º Registro Provincial: 3990 / N.º Registro Sanitario: C-36-001877

VigoÉ 21/10/2024

https://www.vigoe.es/deportes/atletismo/sprint-final-para-la-ultima-gran-carrera-solidaria-de-octubre-en-vigo/

Faro de Vigo 22/10/2024

https://www.farodevigo.es/deportes/2024/10/22/avempo-organiza-carrera-solidaria-esclerosis-110001018.html

Xornal Vigo 22/10/2024

https://xornal.vigo.org/noticias/31471-o-alcalde-convida-a-cidade-a-participar-na-carreira-pola-esclerose-multiple-o-27-de-outubro

Faro de Vigo 23/10/2024

https://www.farodevigo.es/gran-vigo/2024/10/23/avempo-esclerosis-multiple-tuvimos-adaptarnos-casa-enfermedad-110119004.html

Treintayseis (El Español) 24/10/2024

https://www.elespanol.com/treintayseis/deporte/tu-deporte/20241024/personas-moveran-vigo-esclerosis-multiple/895910605_0.html

La Voz de Galicia 25/10/2024

https://www.lavozdegalicia.es/noticia/vigo/2024/10/25/1500-personas-participaran-carrera-esclerosis-multiple/0003_202410V25C69919.htm

Faro de Vigo 27/10/2024 – Galería

https://www.farodevigo.es/fotos/deportes/2024/10/27/xii-carrera-solidaria-esclarerosis-multiple-110616942.html

Faro de Vigo 27/10/2024 – Vídeo

https://www.farodevigo.es/videos/deportes/2024/10/27/multitudinaria-ola-solidaridad-bouzas-esclerosis-110624547.html

Atlántico Diario 27/10/2024 – Vídeo

https://www.atlantico.net/video/vigo/mas-600-personas-participan-carrera-solidaria-avempo-bouzas/20241027173648105691 4.html

Atlántico Diario 27/10/2024 - Galería

https://www.atlantico.net/album/deporte-local/galeria-carrera-solidaria-eu-movome-pola-esclerose-multiple-bouzas-imagenes/20241027175513105691 5.html

La Voz de Galicia 27/10/2024

https://www.lavozdegalicia.es/noticia/vigo/2024/10/27/vigo-mueve-esclorisis-multiple/00031730052140495187112.htm

VigoÉ 27/10/2024

https://www.vigoe.es/solidaridad/el-peloton-del-eu-movome-llena-bouzas-de-solidaridad/

CIF: G-36816106 / N.º Registro Provincial: 3990 / N.º Registro Sanitario: C-36-001877

TreintaySeis (El Español) 28/10/2024

https://www.elespanol.com/treintayseis/deporte/otros-deportes/20241028/personas-corrieron-vigo-esclerosis-multiple/896910321_0.html

Vigo al Minuto 27/10/2024

https://www.vigoalminuto.com/2024/10/27/el-peloton-del-eu-movome-llena-de-solidaridad-la-xii-carrera-solidaria-por-la-esclerosis-multiple/

Atlántico Diario 28/10/2024

https://www.atlantico.net/articulo/deporte-local/david-troncoso-noemi-alvarez-ganan-bouzas-carrera-solidaria-esclerosis-multiple/20241027171344105683 5.html

Faro de Vigo 28/10/2024

https://www.farodevigo.es/deportes/2024/10/28/carrera-esclerosis-multiple-delikia-doblete-bouzas-110627280.html

XORNADA 'HABLEMOS SIN TABÚES'

Faro de Vigo 01/10/2024

https://www.farodevigo.es/gran-vigo/2024/10/01/jornada-samil-prejuicios-esclerosis-multiple-108775585.html

La Voz de Galicia 01/10/2024

https://www.lavozdegalicia.es/noticia/vigo/2024/10/01/avempo-aborda-jornadas-testamento-vital-testimonios-avances-medicos-esclerosis/0003_202410V1C4995.htm

La Voz de Galicia 02/10/2024

https://www.lavozdegalicia.es/noticia/vigo/2024/10/02/inscripcion-jornada-esclerosis-multiple/0003_202410V2C6995.htm

Faro de Vigo 06/10/2024

Reportaxe con Leticia y Ángeles (usuarias de Avempo):

https://www.farodevigo.es/sociedad/2024/10/06/dia-dia-esclerosis-multiple-108958521.html

Entrevista con Elena Álvarez (neuróloga do Hospital Álvaro Cunqueiro):

https://www.farodevigo.es/sociedad/2024/10/06/ultimos-20-anos-tratamiento-esclerosis-108958040.html

CALENDARIO SOLIDARIO DO COLEXIO ATLÁNTIDA

Vigo Hoy 12/12/2024

https://vigohoy.es/el-colegio-atlantida-de-vigo-lanza-un-calendario-solidario-para-apoyar-a-las-personas-con-esclerosis-multiple/

CIF: G-36816106 / N.º Registro Provincial: 3990 / N.º Registro Sanitario: C-36-001877

ValMiñorTV 12/12/2024

https://valminortv.com/2024/12/12/el-colegio-atlantida-de-matama-presenta-su-calendario-solidario/

Telemariñas 12/12/2024

https://telemarinas.com/presentan-o-calendario-solidario-do-colexio-atlantida-de-vigo-a-favor-das-persoas-con-esclerose-multiple/

Xornal 21 12/12/2024

https://xornal21.com/art/61314/luisa-sanchez-presenta-el-calendario-solidario-del-colegio-atlantida-de-vigo-en-apoyo-a-las-personas-con-esclerosis-multiple

DÍA NACIONAL DA ESCLEROSE MÚLTIPLE

La Voz de Galicia 18/12/2024

https://www.lavozdegalicia.es/noticia/vigo/2024/12/18/sos-avempo-entidad-atiende-300-personas-esclerosis-multiple/0003_202412V18C4993.htm

Faro de Vigo 18/12/2024

https://www.farodevigo.es/sociedad/2024/12/18/pacientes-esclerosis-multiple-padecen-tres-112712821.html

CIF: G-36816106 / N.º Registro Provincial: 3990 / N.º Registro Sanitario: C-36-001877

MEDIOS IMPRESOS

VISTA DE PRUDENCIO A AVEMPO

Atlántico Diario 11/01/2024

Ruta motera por la esclerosis desde Jerez y con parada en Vigo

REDACCIÓN. VIGO
redaccionaci@atlantico.net

Prudencio Macías, afectado de Esclerosis, llega mañana a Vigo como parada dentro de su ruta 'EMBárcate. Unidos por la Esclerosis Múltiple', con la que recorre en moto toda España para visibilizar la conocida como enfermedad de las mil caras.

Este vasco residente en Málaga visitará la Asociación Viguesa de Esclerosis Múltiple (Avempo), donde será recibido por miembros de la junta directiva, trabajadores y usuarios de la entidad.

Prudencio Macías, de 52 años, salió de Jerez de la Frontera subido a su moto el pasado mes de octubre para recorrer todas las provincias españolas hasta el próximo mes de febrero para visibilizar y concienciar sobre la Esclerosis Múltiple, enfermedad que le diagnosticaron en el año 2012.

Lo que le ha llevado a iniciar este proyecto es mostrar la realidad de la enfermedad en primera persona, en su caso en un estado degenerativo, y hacer entender a la sociedad en su conjunto, y a las administraciones en particular lo que significa padecer Esclerosis Múltiple. En su visita a Avempo, programada para las 09.30 horas, Prudencio charlará con los asistentes para informar sobre su iniciativa y compartir su historia personal.

Esta asociación, nacida en 1996, es una entidad sin ánimo de lucro que trata de mejorar la calidad de vida de los afectados.



El vasco Prudencio Macías, en su moto.

Faro de Vigo 12/01/2024

En ruta por la esclerosis múltiple

A. BLASCO

PrudEM recala en Vigo en su periplo por las 52 provincias con una moto adaptada para pedir a las instituciones apoyo suficiente para las asociaciones

